

Universidade de Vigo	FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
Ref.: FPRL 05-09 Páx. 1 de 2	BROMURO DE ETIDIO

RISCOS

- O bromuro de etidio é un axente mutaxénico de efecto acumulativo con posibilidade de efectos irreversibles. Sospeitase que pode ser canceríxeno e teratoxénico pola súa calidade de mutaxenicidade, aínda que non hai probas concluíntes destes efectos.
- É nocivo por ingestión
- É tóxico por inhalación
- Irritante para os ollos, pel e vías respiratorias
- **NOTA:** se vostede está embarazada e manipula este produto, pónhase en contacto co Servizo de Prevención de Riscos Laborais desta universidade. spri@uvigo.es

MEDIDAS PREVENTIVAS

INFORMACIÓN

- **Pictograma:** T+ (moi tóxico)
- **Frases R:**
 - R22: nocivo por ingestión
 - R26: moi tóxico por inhalación
 - R36/37/38: irrita os ollos, a pel e as vías respiratorias
 - R46: pode causar alteracións xenéticas hereditarias
 - R68: posibilidade de efectos irreversibles
- **Frases S:**
 - S26: en caso de contacto cos ollos , lavar inmediatamente con auga e ir o médico
 - S28: en caso de contacto coa pel lavar con auga e xabón
 - S36/37: usar indumentaria e luvas de protección axeitadas
 - S 45: en caso de accidente ou malestar ir o médico (se é posible, móstrelle a etiqueta)
- Consultar sempre a **Ficha de datos de seguridade (FDS)**

MANIPULACIÓN E ALMACENAMENTO

- No caso de ser posible substituílo por outro produto
- Reducir ao máximo as cantidades de bromuro de etidio no lugar de traballo
- Traballar baixo unha vitrina extractora. Non inhalar a substancia.
- Evitar a xeración de vapores e aerosois.
- Debe manipularse de xeito que se limite a exposición ao menor número de persoas posible e nunha área restrinxida para este produto.
- Débese delimitar e sinalizar a zona de traballo e de almacenamento limitando o acceso a persoal autorizado e informado.
- Refrixeración entre (+2°C e 8°C)
- Evitar o contacto con axentes moi oxidantes.
- Non quentalo en exceso
- Debe ser manipulado por persoal formado e informado



PRIMEIROS AUXILIOS

- Tras inhalación: tomar aire fresco e chamar o médico
- Tras contacto coa pel: quitar a roupa contaminada e aclarar con abundante auga.
- Tras ingestión: beber moita auga e avisar o médico
- Tras contacto cos ollos: aclarar con auga e chamar o oftalmólogo.

Universidade de Vigo	FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
Ref.: FPRL 05-09 Páx. 2 de 2	BROMURO DE ETIDIO

DERRAMOS



- Non verter polo sumidoiro
- Recollelo empregando carbón activo e material absorbente
- Usar luvas e gafas de protección adecuadas

XESTIÓN DE RESIDUOS

- Os residuos xerados na utilización do bromuro de etidio serán xestionados segundo o que indique a Oficina de Medio Ambiente (OMA), e usando recipientes axeitados.
- Non verter en acuíferos

LIMPEZA

- As superficies de traballo destinadas ao bromuro de etidio deben limparse cinco veces con panos humedecidos con solución de descontaminación. Utilizar un pano diferente cada vez que se realice o lavado.
- Remollar durante unha hora cada un dos panos utilizados nun recipiente que conteña solución de descontaminación. Neutralizar a solución de descontaminación con bicarbonato de sodio e verificar que o pH estea entre 5 e 9
- Preparación da solución de descontaminación: disolver nun frasco de vidro 4,2 g de nitrito de sodio en 20 ml de ácido hipofosforoso e poñelo a nivel con 300 ml de auga destilada. Verificar o pH que debe ser de 1,8
- Lavar a cara e as mans despois do traballo



EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL



RECOMENDACIÓN



Gafas de seguridade fronte a salpicaduras

Máscara con filtros para vapores orgánicos (A)

Luvas resistentes a axentes químicos (caucho nitrilo)

REALIZADO	REVISADO	MODIFICADO
Técnica superior en PRL Monserrat Alonso Fernández Data: 26/03/2009	Servizo de Prevención de Riscos Laborais Carmen Álvarez González M ^a José Montero Vilarinho Data: 26/03/2009	Data: 10-06-2013 Carmen Álvarez González